



## **BASES TÉCNICAS PARA O DESEÑO E PRODUCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2011.**

**1. Obxecto do contrato:** Deseño e produción de tres carrozas reais e unha carroza do Carteiro Real para o desfile da Cabalgata de Reis 2011.

**2. Prezo máximo do contrato.-** O prezo máximo da presente contratación será de 50.000,00 (cincuenta mil) euros, con todos os impostos e conceptos incluídos que se tratará con cargo á partida presupostaria 4512.226.0800 (Cabalgaña de Reis) do programa presupuestario para o vixente exercicio.

**3. Características técnicas:** As empresas licitantes deberán achegar imprescindiblemente e de xeito individualizado: a oferta económica, un ou máis bosquexos de cada unha das carrozas (reais e carteiro real) e descripción das características técnicas e estéticas que se relacionan a continuación. Os bosquexos presentados poderán ser modificados finalmente en calquera aspecto, segundo o criterio do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural. A falta do bosquexo dalgún dos elementos solicitados será motivo de desestimación da oferta.

1. **Deseño:** As catro carrozas poderán ter distintos motivos pero cunha liña estética e temática unitaria baseada no tema "**Personaxes de debuxos animados**". Valorarase a creatividade e a innovación respecto a deseños de anos anteriores, para o cal deberán presentarse os deseños descriptivos suficientes. Será motivo de desestimación a presentación de bosquexos presentados outros anos.
2. **Medidas mínimas:** As medidas mínimas das tres carrozas reais e do carteiro real serán as seguintes: **alto 5,00 m. - longo 10,00 m.** (sen contar a cabeza tractora) - **ancho 2,50 m.** Valorarase o aumento destas dimensións na oferta presentada, a excepción da altura máxima de todas as carrozas, que non poderá exceder en ningún caso os **5,5 metros** (por mor da iluminación de Nadal). Por outra banda, a base dos tronos reais debe estar como mínimo a 2,5 metros do chan e non poderá ter elementos que impidan a súa visibilidade. Será total responsabilidade da empresa adjudicataria supervisar o percorrido da cabalgata, incluído o propio día 5 de xaneiro, co obxecto de comprobar que non existe ningún tipo de obstáculo que impida o perfecto desprazamento das carrozas; en caso contrario, deberán comunicalo por escrito de inmediato á Concellería de Animación Sociocultural. Igualmente, recoméndase a posibilidade de desmonte daqueles elementos máis elevados para o desprazamento ata o lugar do percorrido da Cabalgata. Na oferta presentada deberán detallarse as medidas exactas de cada unha das carrozas.

3. **Tipo e cantidad de iluminación:** As carrozas contarán cun mínimo de iluminación de 6.000 W; será imprescindíbel que se destaque en cada carroza os seguintes aspectos: O contorno de cada unha delas e os lugares de colocación dos Reis Magos e do carteiro real, de forma que resulten total e perfectamente visibles para o público, sen que exista ningún elemento da carroza que impida a súa visibilidade. Igualmente, valorarase a utilización de iluminación de baixo consumo.

4. **Materiais:** A oferta describirá detalladamente os materiais empregados na producción de cada unha das carrozas. Non se admitirá a utilización de materiais deteriorados ou elementos que xa foran utilizados en anteriores cabalgatas. Os materiais levarán un tratamento hidrófugo e terán que ser tratados con pinturas non tóxicas.

No caso de concorrer unha climatoloxía adversa o día do desfile, en calquera dos percorridos que teñan que facer (traslado ao punto de concentración da comitiva ou percorrido da cabalgata), os elementos que forman cada carroza deberán manterse perfectamente unidos, segundo o previsto.

5. **Superficie útil:** Cada unha das catro carrozas disporá dunha superficie útil suficiente para acomodar o trono real e paxe de acompañamento ou, no seu caso, o carteiro real. Así mesmo, disporá da superficie útil suficiente en bancada perimetral para 16 persoas (15 nenos/as e unha persoa adulta) sentadas, contando coa consistencia adecuada para soportar o seu peso e transportalos con total seguridade.

6. **Seguridade das carrozas:** As carrozas deberán reunir unhas condicións óptimas de seguridade, tanto no que atinxe aos seus ocupantes como ao público asistente.

A empresa adxudicataria deberá dotar a cada unha das carrozas reais cun mínimo de seis persoas no seu contorno, para garantir a seguridade do público, ademais de un guía para o conductor de cada carroza contratada. Este persoal deberá acompañar ás carrozas en todo momento e durante todo o percorrido, ata a súa finalización, e deberán levar algún tipo de distintivo. En todo caso, estas persoas deberán seguir en todo momento as indicacións do persoal de organización.

Cada carroza terá que dispor dun sistema de protección ornamentado ao longo de todo o seu perímetro e que figurará expresamente no bosquexo ou bosquejos que se presenten coa oferta. Valorarase calquera outra proposta de seguridade para os nenos e nenas.

A empresa terá que presentar o correspondente seguro de Responsabilidade Civil.

7. **Cubrición e ornamentación:** As carrozas contarán cunha alternativa de cubrición que se utilizará tan só para o caso de choiva e sempre baixo as indicacións do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural. A técnica de cubrición terá que especificarse no proxecto e no bosquexo, a non especificación da mesma será posíbel motivo de desestimación da oferta. Así mesmo, contarán cunha escaleira de acceso para os Reis magos, nenos e o persoal de seguridade contratado.

8. **Os vehículos ou cabezas tractoras das carrozas** terán potencia suficiente para arrastrar as plataformas ou gabarras durante todo o percorrido e terán que ir debidamente carrozados e ornamentados de xeito que queden integrados esteticamente co deseño da carroza, que non impidan a súa visibilidade e mobilidade. Todos os elementos deberán contar cunha imaxe estética coidada, axeitada (modelos de vehículos de gama media ou alta) e sempre acorde co conxunto da carrozas.
9. **Idioma:** Os textos utilizados en todos os elementos, así como nos soportes de publicidade, deben estar en idioma galego e terán que ser incorporados aos bosquexos de cada carroza para su posterior revisión polo servizo de normalización lingüística.

**4. Difusión dos traballos.-** O Concello de Vigo será o único responsábel válido no que atinxe á difusión da realización e execución dos traballos contratados, polo que a empresa adxudicataria non poderá difundir ningún dato nin imaxe dos mesmos ata que sexan entregados ao Concello.

**5. Prazo de execución:** Todas as carrozas deberán estar totalmente rematadas antes das 12:00 horas do día 28 de decembro; nese momento, persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural comprobará se os traballos realizados cumpren con todas e cada unha das condicións técnicas estipuladas nestas bases. De non ser así, a empresa adxudicataria deberá realizar as modificacións oportunas, ata recibir a conformidade do citado persoal técnico.

**6. Prazo de entrega.-** As carrozas deberán ser trasladadas polo carroceiro o día 5 de xaneiro do 2009, ao punto exacto de formación da comitiva que se lle indique para o desfile, onde deberán figurar cunha antelación mínima de catro horas respecto ao comezo da cabalgata. O lugar exacto de colocación de cada unha das carrozas contratadas dentro da Comitiva Real será indicado polo responsábel técnico da organización da Cabalgata de Reis que designe o Concello, única persoa válida para tal efecto. A empresa adxudicataria será a responsábel de contactar coa Policía Local coa suficiente antelación, para coordinar o acompañamento das carrozas ata o lugar de concentración.

**7. Publicidade.-** Todas as carrozas deberán contar cos logotipos da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo, en lugar perfectamente visíbel, segundo as indicacións do seu persoal técnico.

**8. Gastos.-** Todos os gastos derivados da presente contratación serán por conta da empresa adxudicataria, que terá que dispor dos locais, permisos e autorizacións necesarias, así como dos materiais e recursos humanos para producir os traballos.

**9. Forma de pagamento:** o pagamento dos traballos realizarase segundo o seguinte:

- O 80% do importe de adxudicación o día 28 de decembro, mediante transferencia bancaria, previa presentación de factura con suxección ós requisitos que establece o Real decreto 1496/2003 do 28 de novembro, e da conformidade cos traballos realizados por parte do persoal técnico e do concelleiro de Animación Sociocultural.

- O 20% restante realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación de factura con suxección ós requisitos que establece o RD 1496/2003 do 28 de novembro, e da conformidade cos traballos e subministracións por parte do persoal técnico e do concelleiro de Animación Sociocultural, e segundo o estipulado no artigo 99 do RDL 2/2000.

LG

Conforme,  
O concelleiro delegado de  
Animación sociocultural

Xesus López Carreira

Vigo, 2 de febreiro de 2010

A técnica do Servizo de Animación  
Sociocultural

Luz María González Domínguez